

# MANUAL PARA A AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC

**Código: AvProf**

**Edición: 12**

**Data: 28/04/2022**

|                               |                                                                                                                                                   |         |                     |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
| Asinado Por                   | Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                   | Asinado | 28/04/2022 14:07:04 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 1/62                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==">https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |





## ÍNDICE

1. Marco de referencia
2. Política institucional e avaliación do profesorado
  - 2.1. Documentación de referencia
  - 2.2. Obxectivos xerais do programa
  - 2.3. O modelo de excelencia docente na UDC
  - 2.4. Consecuencias da avaliación docente
3. Ámbito de aplicación
4. Dimensións e criterios do modelo de avaliación
  - 4.1. Dimensións da avaliación docente
  - 4.2. Criterios de avaliación
  - 4.3. Fontes e procedementos de recollida de información
5. Procedemento xeral e axentes implicados
  - 5.1. Procedemento xeral e a súa difusión
  - 5.2. Axentes implicados no proceso
6. Resultados das avaliacións
  - 6.1. Procedemento para a toma de decisións derivadas da avaliación docente
  - 6.2. Procedemento para o seguimento das accións derivadas da avaliación docente
  - 6.3. Procedemento para a difusión dos resultados da avaliación docente
  - 6.4. Control da información confidencial
7. Formatos e rexistros

## ANEXOS

Anexo I. Valoración cualitativa e cuantitativa das dimensións, subdimensións e elementos

Anexo II. Solicitude do/a profesor/a

Anexo III. Autoinforme do/a profesor/a

Anexo IV. Informe das autoridades académicas

Anexo V. Cuestionario de avaliación da docencia polo alumnado (DA)

|                               |                                                                                                                                                   |         |                     |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
| Asinado Por                   | Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                   | Asinado | 28/04/2022 14:07:04 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 2/62                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==">https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |





Anexo VI. Informe do CAD sobre a valoración da actividade docente do profesorado da UDC

Anexo VII. Resolución da CIU sobre a actividade docente do profesorado da UDC

Anexo VIII. Informe sobre o seguimento das accións de mellora formuladas pola CIU

| Edición                                                    | Data       | Motivo da modificación                                                                                                                                                                     |
|------------------------------------------------------------|------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 01                                                         | 30/11/2007 | Revisión final enviada á ACSUG para a súa verificación                                                                                                                                     |
| 02                                                         | 23/07/2008 | Incorporación de alegacións dos CAD aprobadas no Consello de Goberno da UDC na súa xuntanza do 23/07/2008                                                                                  |
| 03                                                         | 26/11/2009 | Modificacións dos formatos atendendo ás propostas de mellora presentadas polos solicitantes e os membros dos CAD unha vez finalizada a I Convocatoria do Programa Docencia                 |
| 04                                                         | 21/12/2010 | Revisión completa do texto e modificación da estrutura do documento                                                                                                                        |
| 05                                                         | 26/06/2013 | Revisión e actualización do Manual do Programa Docencia                                                                                                                                    |
| 06                                                         | 23/03/2015 | Revisión e modificación do Manual para recoller as recomendacións do Informe de avaliación do seguimento e dos axentes implicados no proceso                                               |
| 07                                                         | 31/05/2017 | Revisión e adaptación ao novo documento do Programa Docencia e modificacións para recoller as recomendacións do Informe de avaliación do seguimento e as dos axentes implicados no proceso |
| 08                                                         | 26/04/2018 | Revisión e modificación do manual para recoller as recomendacións dos axentes implicados no proceso                                                                                        |
| 09                                                         | 03/04/2019 | Revisión e modificación do manual para recoller as recomendacións dos axentes implicados no proceso                                                                                        |
| 10                                                         | 06/05/2020 | Revisión e modificación do manual para recoller as recomendacións dos axentes implicados no proceso                                                                                        |
| 11                                                         | 28/04/2021 | Revisión e modificación do manual para recoller as recomendacións do Informe de avaliación do seguimento e dos axentes implicados no proceso                                               |
| 12                                                         | 28/04/2022 | Revisión e modificación do manual para recoller as recomendacións dos axentes implicados no proceso                                                                                        |
| Elaborado por:<br>Unidade Técnica de Calidade<br>6/04/2022 |            | Revisado por:<br>Vicerreitoría de Planificación<br>Académica e Innovación<br>Docente<br>22/04/2022                                                                                         |
|                                                            |            | Aprobado por:<br>Consello de Goberno<br>28/04/2022                                                                                                                                         |

| Código Seguro De Verificación | 001zagaTherc+J4AVD/Rjg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                   | Asinado | 28/04/2022 14:07:04 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 3/62                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTherc+J4AVD/Rjg==">https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTherc+J4AVD/Rjg==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |





## 1. MARCO DE REFERENCIA

O *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC* responde aos requirimentos sobre a obrigatoriedade dunha avaliación das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado universitario que aparecen recollidos na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU).

O desenvolvemento do espazo europeo de educación superior (EEES) ten como un dos seus eixes a promoción da calidade nas universidades. Concretamente, o documento de *Criterios e directrices para a garantía da calidade no espazo europeo de educación superior*, promovido pola European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA), que fora aprobado polos ministros dos estados signatarios do proceso de Boloña na súa xuntanza de Bergen en 2005 e revisado pola conferencia de ministros celebrada en Ereván en 2015 e que pasou a denominarse *directrices para o aseguramento de calidade no espazo europeo de educación superior*, recomenda asegurar a calidade dos docentes como un dos estándares e pautas de actuación para a garantía interna da calidade.

Entre estes criterios destaca o 1.5. Persoal Docente, que establece que as institucións deben *asegurar* a competencia do seu persoal docente así como aplicar procesos xustos e transparentes para a súa contratación e desenvolvemento profesional. Polo que é fundamental garantir que o profesorado posúa as seguintes destrezas:

- **Coñecemento e comprensión** completos da materia que ensinan.
- Coñecemento de **métodos de aprendizaxe e de avaliación**.
- **Habilidades e experiencia** para transmitir o coñecemento.
- **Capacidade para atender á diversidade** de estudantes permitindo vías de aprendizaxe flexibles, usando de maneira flexible métodos de aprendizaxe variados, etc.
- **Retroalimentación** da súa actuación.

Tal como se establece no documento publicado polas axencias de calidade no ano 2015 e modificado pola ANECA no ano 2021, o Sistema de garantía de calidade (SGC) das universidades esixe que as persoas responsables académicas dun plan de estudos tomen en consideración o acceso e a orientación do estudantado, os obxectivos, a estrutura, o desenvolvemento do plan de estudos, a calidade dos recursos humanos e materiais, así como os resultados obtidos. En consecuencia, os resultados da avaliación da actividade docente analízanse no SGC dos centros da UDC.

| Código Seguro De Verificación | 001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                   | Asinado | 28/04/2022 14:07:04 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 4/62                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==">https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |





Por isto, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) en colaboración coas diferentes axencias de calidade das comunidades autónomas, entre as que se encontra a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), desenvolven o Programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado das universidades (Docentia) co fin de que as universidades dispoñan dun modelo que lles permita elaborar un procedemento propio dedicado á avaliación docente do profesorado que garanta a súa calidade e favoreza o seu desenvolvemento e recoñecemento. O devandito programa recolle un conxunto de actuacións destinadas a construíren un escenario que favoreza os principios de calidade, mobilidade, diversidade e competitividade entre universidades europeas.

A Universidade da Coruña (UDC) consciente da importancia que ten a actividade docente do profesorado, na convocatoria do ano 2007, presentou o Manual do Programa Docentia que fora aprobado polo Consello de Goberno nas súas xuntanzas do 18/12/2007 e do 23/07/2008, logo de que a Comisión de Avaliación da ACSUG lle outorgase un informe positivo que permitía comezar coa fase de implantación deste.

Como consecuencia disto, desde o curso académico 2008/09 ao 2020/21 a UDC publicou dez convocatorias do Programa Docentia. Entre a I e V convocatoria, unha vez finalizada cada unha destas, a UDC elaborou o informe final que remitiu á ACSUG para ser avaliado pola Comisión de Seguimento. O informe correspondente a VI, VII e VIII convocatoria remitiúselle a ACSUG no primeiro semestre do 2020 e o correspondente a IX convocatoria o 15.10.2021. Tanto a Comisión de Seguimento como a de Avaliación dos programas AUDIT e Docentia ANECA e ACSUG valoraron moi positivamente o esforzo realizado pola Universidade para implantar o programa. Así mesmo recomendaron a incorporación dunha serie de propostas para favorecer a mellora continua do Programa e que permitan a UDC pasar á etapa de certificación do modelo, dado o grao de consolidación acadado.

| Código Seguro De Verificación | 001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                   | Asinado | 28/04/2022 14:07:04 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 5/62                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==">https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |





## 2. POLÍTICA INSTITUCIONAL E AVALIACIÓN DO PROFESORADO

### 2.1. Documentación de referencia

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Ley orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos personais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU)
- Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade
- Estatutos da UDC
- Programa de Apoio para a avaliación da calidade da actividade docente do profesorado universitario, modificado pola ANECA o 20.5.2021
- Criterios e directrices para o aseguramento da calidade no EEES (ENQA-ANECA)
- Plan de formación do profesorado da UDC
- Política de profesorado da UDC

### 2.2. Obxectivos xerais do programa

- a) Recoñecer a importancia da actividade docente do profesorado dentro do conxunto de actividades que este realiza na UDC.
- b) Situar a avaliación da actividade docente do profesorado no marco das prácticas ao uso internacionalmente recoñecidas, en liña cos criterios de garantía da calidade das titulacións universitarias.
- c) Favorecer o desenvolvemento do profesorado e a súa promoción persoal e profesional, de modo que poida ofrecer un mellor servizo aos/ás estudantes e por tanto á sociedade.
- d) Apoiar individualmente o profesorado proporcionándolle evidencias contrastadas sobre a súa actividade docente e a posibles vías de mellora desta.
- e) Favorecer o proceso de toma de decisións relacionadas coa avaliación, que afectan a diferentes elementos da política de profesorado, como a posta en marcha de plans de formación.
- f) Contribuír ao necesario cambio cultural nas universidades respecto á avaliación da actividade docente, así como potenciar o intercambio de experiencias entre as universidades para a mellora continua desta actividade.

|                               |                                                                                                                                                   |         |                     |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
| Asinado Por                   | Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                   | Asinado | 28/04/2022 14:07:04 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 6/62                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==">https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |





- g) Favorecer a cultura da calidade ligando a actividade docente do profesorado cos obxectivos da institución.
- h) Cumprir cun dos criterios para a acreditación de titulacións que se recollen no deseño dos sistemas de garantía interna da calidade dos centros.
- i) Outros que nun futuro puideren ser de interese para a UDC.

### 2.3. O modelo de excelencia docente na UDC

Estes obxectivos xerais do programa lévannos a reflexionar sobre cales han de ser os criterios para establecer un modelo de avaliación que poida avalar a calidade e a excelencia docente. Na actualidade o labor dos/das docentes fíxose moito máis complexo debido aos distintos roles que deben desempeñar e ás tarefas, máis orientadas a favorecer a aprendizaxe autónoma do estudiantado. Iso supón novas competencias e un cambio importante na actividade docente. Este cambio require unha capacitación explícita do profesorado e a asunción dun enfoque que leva consigo un comportamento docente máis rico e complexo. Non cabe dúbida de que non é o mesmo explicar ben unha lección ou un tema e facelo accesible para o estudiantado que planificar unha estratexia para que o alumnado aprenda por si mesmos, orientar a súa aprendizaxe, ofrecerlle apoio e retroalimentación do seu propio proceso e avaliar as competencias que adquire ou desenvolve, entre outras tarefas.

O concepto de excelencia docente é complexo e non resulta sinxelo de definir, pois as perspectivas desde as que se pode observar o labor docente son variadas e as circunstancias do profesorado son diferentes en función da súa experiencia, a/s titulación/s ou o/s centro/s en que imparte a súa docencia, de modo que a maneira de alcanzar a excelencia debe establecerse a través do seguimento de distintos camiños que conduzan a un mesmo fin: un conxunto de prácticas sobresaíntes na xestión da docencia e a consecución de bos resultados.

A UDC, despois de nove convocatorias do Programa Docencia e tras a análise dos resultados obtidos, conta coa experiencia necesaria para poder establecer un modelo de excelencia docente, que se deberá ir actualizando a medida que a actividade docente vaia necesitando dar resposta ás novas demandas do futuro. Resulta indispensable ter un sistema válido e fiable de avaliar a calidade da docencia, para así poder, posteriormente, recoñecer e incentivar a docencia excelente. Co obxectivo de perfeccionar o noso sistema de avaliación, nesta convocatoria introduciuse como instrumento ao servizo deste programa o emprego dunha escala de valoración ou rúbrica, que se incluírá na Guía para os Comités de Avaliación Docente (CAD). Deste xeito, concrétese e perfecciónase o

|                               |                                                                                                                                                   |         |                     |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
| Asinado Por                   | Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                   | Asinado | 28/04/2022 14:07:04 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 7/62                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==">https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |





procedemento que deben seguir os membros dos CAD á hora de emitir as súas valoracións, outorgando unha maior consistencia e validez ás avaliacións realizadas.

No apartado 4.2, explícase a valoración das dimensións e indícase que o profesorado excelente na UDC é aquel que en cada unha das dimensións obtén unha puntuación superior igual ou superior ao 85%. Estes/estas docentes son os que obteñen por parte da UDC un certificado de excelencia. Con todo, tamén se poderá obter a valoración de Desempeño excelente se nunha das dimensións se obtén un resultado de Desempeño notable e nas outras dúas se consegue un resultado Desempeño excelente. A excelencia docente na UDC está orientada a varias liñas de actuación correspondentes a distintos obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico UDC 2020<sup>1</sup> :

- Área de Docencia e Aprendizaxe. Obxectivos estratéxicos 1 e 3: unha aprendizaxe de calidade no ámbito do espazo europeo de educación superior; unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades da contorna.
- Área de Internacionalización. Obxectivos estratéxicos 1 e 2: unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais; e unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais.
- Área de Responsabilidade Social. Obxectivos estratéxicos 1 e 2: unha universidade que impulsa o cambio social; igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación.

A continuación descríbese en cada unha das tres dimensións o perfil do/a profesor/a excelente da UDC.

### **Dimensión Planificación da docencia**

Ten experiencia na impartición de distintas materias de grao e/ou máster dirixidas a alumnado pertencente a cursos diferentes, así como experiencia na dirección de traballos fin de grao e/ou máster ou proxectos de fin de carreira, e/ou nos tribunais correspondentes. A guía docente das súas materias mostra que planifica a súa docencia en función dos contidos, con obxectivos e resultados de aprendizaxe claros, que a temporalización se axusta de maneira realista ao calendario académico, e cumpre o establecido nas memorias de verificación dos

---

<sup>1</sup> Este curso estará xa dispoñible o novo Plan estratéxico da UDC, pero non presentará cambios significativos nos obxectivos estratéxicos que afectan ao desempeño docente do profesorado.

| Código Seguro De Verificación | 001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                   | Asinado | 28/04/2022 14:07:04 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 8/62                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==">https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |







títulos e aparece reflectido todo iso coa máxima transparencia nos proxectos docentes. Ademais, a súa actividade non se limita á organización da docencia que ten asignada, senón que ten un coñecemento máis amplo de distintos temas relacionados coa innovación e a organización da docencia, o que implica que participe activamente en distintas comisións tanto a nivel de centro como de universidade. Algúns/algunhas destes/as docentes teñen a miúdo experiencia na coordinación docente e mostran interese por potenciar o ámbito das relacións internacionais.

### **Dimensión Desenvolvemento do ensino**

Consegue implicar o alumnado na súa propia aprendizaxe a través das actividades propostas e comproba, durante o desenvolvemento das clases, o grao de comprensión da materia. Explica con claridade, móstrase accesible, resolve as dúbidas e orienta academicamente o alumnado a través dos medios dispoñibles, ademais de participar no PAT. Así mesmo, proporciónalle materiais de aprendizaxe que facilitan a adquisición das competencias e os resultados previstos, e fai uso de Moodle ou de calquera outra plataforma virtual cun nivel de usuario medio ou avanzado, que lle permite facer un control e seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado, avalialo, establecer vías de comunicación con el, crear espazos de aprendizaxe colaborativos etc. Parte destes/as docentes, mostra o seu compromiso coa UDC e co estudantado a través da súa participación en programas de difusión/divulgación institucionais, en actividades de reforzo curricular, titorías extra, docencia en inglés e/ou galego etc.

### **Dimensión Resultados**

Reflexiona sobre a súa docencia, propónse melloralas ao cumprir con responsabilidade e calidade o plan de estudos da titulación e as tarefas docentes que lle son asignadas, e revisar os logros alcanzados polo seu estudantado. Preocúpase por axustar os criterios e sistemas de avaliación aos contidos e competencias que se traballaron durante o curso. Ademais, está comprometido coa actualización e o perfeccionamento docente; participa en grupos de innovación docente e/ou en proxectos de aprendizaxe servizo, en cursos de formación, simposios e congresos etc. e, co avance da investigación, encargándose da dirección de teses de doutoramento. Tamén mostra interese por coñecer outros sistemas de organización docente, a través de estancias noutras universidades nacionais ou internacionais. Parte deste profesorado conta

|                               |                                                                                                                                                   |         |                     |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
| Asinado Por                   | Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                   | Asinado | 28/04/2022 14:07:04 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 9/62                |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==">https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |





con publicacións docentes ou con algún premio ou recoñecemento de innovación docente.

## 2.4. Consecuencias da avaliación docente

A UDC, dentro da súa política de profesorado e de mellora dos títulos, declara de xeito explícito que a intención e finalidade con que desenvolve este programa recolle as seguintes consecuencias da avaliación da actividade docente:

- Elaborar un plan formativo para o profesorado que axude a mellorar as súas competencias profesionais. O profesorado que realizar a avaliación terá preferencia para participar no Programa de apoio ao ensino da UDC.
- Utilizar os datos, por parte dos centros para o proceso de seguimento e de renovación da acreditación dos seus títulos e o profesorado, pola súa vez, para os procesos de acreditación, as convocatorias de complementos autonómicos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a súa consideración como mérito na concesión de axudas en convocatorias de innovación da UDC.
- Obter o profesorado con certificado de excelencia o recoñecemento do/a reitor/a da UDC.
- Valorar a avaliación positiva como mérito para participar como avaliador/a no Programa Docentia.
- Valorar a avaliación positiva como mérito específico nos concursos para a provisión de prazas de persoal docente e investigador interino e laboral contratado da UDC, aprobado polo Consello de Goberno do 30/04/2014.
- Incluír os resultados do Programa Docentia como obxectivo no Plan estratéxico da UDC e incorporar este como indicador de obrigado cumprimento nos plans estratéxicos dos centros da UDC.
- Incrementar a transparencia e información pública da institución mediante a difusión dos resultados da avaliación entre os distintos axentes implicados e especialmente entre o estudantado.
- Deixar patente o compromiso da UDC coa calidade e mellora continua en liña cos criterios marcados pola ENQA e aceptados polas Axencias de calidade.

## 3. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este procedemento de avaliación docente é de aplicación á avaliación quinquenal da actividade docente do profesorado da UDC, que abrangue todo o persoal docente e investigador (PDI) desta universidade, tanto funcionario como laboral e aqueles outros profesionais que impartiren, **nos cinco cursos académicos obxecto de**

| Código Seguro De Verificación | 001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                   | Asinado | 28/04/2022 14:07:04 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 10/62               |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==">https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |





**avaliación**, docencia universitaria en calquera dos títulos oficiais dos centros propios da UDC e ademais consten no seu POD, un **mínimo de 150 horas de docencia impartida no período avaliado**, así como un **mínimo de 30 horas de docencia en tres dos cinco cursos académicos obxecto de avaliación**.

En aplicación do que está disposto no artigo 23.2.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é incompatible ser avaliador/a e avaliado/a.

En cada convocatoria avaliaranse cinco cursos de docencia impartida. As baixas laborais e as licenzas serán consideradas no cómputo xeral da docencia, ata un máximo de dezoito meses.

O profesorado que impartiu docencia noutras universidades nalgún ou algúns dos cursos académicos que sexan obxecto de avaliación, *ata un máximo de 2*, comprometerase a achegar persoalmente todas as evidencias que se requiran da súa docencia nas respectivas universidades para completar o seu expediente. En caso contrario, a súa solicitude quedará sen efecto.

A participación na avaliación específica quinquenal será *confidencial* (véxase o punto 6.4 deste manual) e *voluntaria*, pero o profesorado que solicite participar na avaliación docente e sexa admitido, non poderá desistir de continuar no proceso unha vez que sexa avaliado polo Comité de Avaliación Docente (CAD).

O profesorado que obteña un resultado positivo non terá que someterse a unha nova avaliación até transcorreren cinco novos cursos académicos.

O profesorado que obteña un resultado negativo poderá solicitar unha nova avaliación da súa docencia dous cursos académicos despois, que contarán a partir da data da resolución da Comisión Interna da Universidade (CIU), sempre que xustifique que desenvolveu medidas correctoras encamiñadas á emenda das deficiencias detectadas na última avaliación; permitiráselle empregar para esta nova avaliación tres cursos do período valorado como de desempeño insuficiente.

## **4. DIMENSIÓNS E CRITERIOS DO MODELO DE AVALIACIÓN**

### **4.1. Dimensións da avaliación docente**


O modelo considera tres dimensións como obxecto de avaliación de acordo co Programa Docentia desenvolvido pola ANECA: a planificación da docencia, o desenvolvemento do ensino e os resultados asociados, así como aquelas actuacións emprendidas polo profesorado para innovar e mellorar o seu desempeño docente (Figura I). Transversalmente considérase a dedicación docente, que actuaría como

|                               |                                                                                                                                                   |         |                     |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
| Asinado Por                   | Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                   | Asinado | 28/04/2022 14:07:04 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 11/62               |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==">https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |





condición previa, de modo que se o profesorado non desenvolve as actuacións que a describen non procedería determinar a súa calidade.



**Figura I.** Dimensións da avaliación docente

Para a súa avaliación, establécense as subdimensións e os elementos (táboa 1), que se relacionan a continuación, cuxa valoración se realizará a través das seguintes fontes de información: evidencias e indicadores, enquisas de avaliación docente do alumnado, autoinforme do profesorado e informes das autoridades académicas.

En calquera caso, o modelo de avaliación céntrase na avaliación da calidade da actividade docente e non no cumprimento das obrigacións docentes, que son a condición necesaria para poder avaliar a calidade do desempeño, nin o mero sumatorio de méritos docentes; motivo polo cal a avaliación de tipo cualitativo ten o maior peso no proceso.

|                               |                                                                                                                                                   |         |                     |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | 001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
| Asinado Por                   | Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano                                                                                                   | Asinado | 28/04/2022 14:07:04 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 12/62               |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==">https://sede.udc.gal/services/validation/001zagaTHerc+J4AVD/Rjg==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |





Táboa 1. Dimensións, subdimensións e elementos da avaliación docente

| DIMENSIÓNS                          | SUBDIMENSIÓNS                                                                      | ELEMENTOS                                                                                                                                                         |
|-------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>1. PLANIFICACIÓN DA DOCENCIA</b> | 1.1. Organización e coordinación docentes                                          | 1.1.1. Encarga docente                                                                                                                                            |
|                                     |                                                                                    | 1.1.2. Organización do ensino                                                                                                                                     |
|                                     |                                                                                    | 1.1.3. Coordinación con outras actuacións docentes                                                                                                                |
|                                     | 1.2. Planificación do ensino e da aprendizaxe en relación coas materias impartidas | 1.2.1. Resultados de aprendizaxe previstos                                                                                                                        |
